SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 - XANEIRO - 2007

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

3.- DESIGNACIÓN DUN REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN DE PAIS PARA O CONSERVATORIO.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

4.1. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.

4.2. MOCIÓNS.

4.3. ROGOS E PREGUNTAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas do día vintecinco de xaneiro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. LAURA LAGO ALLER, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, Dª. Mª DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. ANTÓN DÍAZ MOURELLE, D. JAIME DARRIBA VILAS, Dª. PURIFICACIÓN SERRANO CAVIEDES, D. FERMÍN ALFAYA PAZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. CECILIA PÉREZ ORXE, Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, e D. MANUEL PÉREZ PARDO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretaria a Secretaria da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asisten, excusando a súa ausencia, os/as Sres./as concelleiros/as, Dª. MÓNICA CARREIRA COUÑAGO, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ e D. RODOLFO PATO GARCIA.

INCIDENCIAS.-

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das víctimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Dada conta da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo pleno do Concello o pasado día 28 de decembro o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, acorda prestar aprobación a citada acta sen facer ningunha observación.

2.-RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITOS.

Visto o dictame proposta da comisión informativa de Economía, Facenda e Patrimonio que, transcrita, dí:

Vistas as contas números 9, 10, 11 e 12 "Premio de cobranza-liquidación a cuenta" efectuadas o día 30.09.06, 31.10.06, 30.11.06 e 31.12.06 por "Gesticobro, S.A." por importe de 15.399,04 euros, 3.809,44 euros, 5.757,21 euros, e 27.105,99 euros correspondentes á recadación voluntaria así como á "Aplicación de

cobros obtidos en recaudación ejecutiva".

Vistos os informes da Tesoureira neste Concello ás contas citadas, dos días 21.11.06, 07.12.06, 29.12.06, e 22.01.07.

Tendo en conta a inexistencia de crédito adecuado, dispoñibel e en contía suficiente no orzamento deste Concello para o exercicio do ano 2006, que impediron a contabilización dos correspondentes gastos no ano 2006.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enrequecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar os gastos citados.

Vistos os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Redondela nun informe do día 04.06.03, referencia T 96/03.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

"Primeiro.-

Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello nun informe do día 04.06.03, referencia T 96/03.

Segundo.-

Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 52.071,68 euros (IVA incluido) a favor de "Gestycobro, S.A." en concepto de <Premio de cobranza liquidación a conta número 9, do día 30.09.06>, por importe de 15.399,04 euros (IVA incluido)"; número 10 do día 31.10.06, por importe de 3.809,44 euros (IVA incluido); número 11 do día 30.11.06, por importe de 5.757,21 euros (IVA incluido), e número 12 do día 31.12.06, por importe de 27.105,99 euros (IVA incluido); imputándose o gasto á partida 076112A22709 do estado de gastos do orzamento prorrogado do Concello de Redondela para o ano 2007.

Terceiro.-

Recoñecer extraxudicialmente gastos e ordear o pago a "Gestycobro, S.A." en formalización de 7.226,90 euros (IVA incluido) en concepto de retribución pola recadación en período executivo dos meses de setembro 2006 (1.645,62 euros IVA incluido; outubro 2006 (1.798,95 euros IVA incluido); novembro 2006 (1.686,91 euros IVA incluido), e decembro 2006 (2.095,42 euros IVA incluido), realizando as anotacións contabeis precisas nos estados de gastos e ingresos do orzamento prorrogado".

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por doce votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG, 1 de EU-IU e 1 de RA) e cinco abstencións (do PP) , acorda aprobar nos seus propios términos a proposta transcrita

3.-DESIGNACIÓN DUN REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN DE PAIS PARA O CONSERVATORIO.

Vista a Proposta do Presidente do Patronato do Conservatorio de Música que, transcrita di:

"Nos artigos 7 e 8 dos Estatutos do Patronato do Conservatorio Municipal de Redondela, establécese a constitución, así como a designación dos membros do Patronato.

Vista a comunicación da persona elixida como representante da Asociación de Pais, así como o seu

suplente, esta Presidencia ven en propoñer ao Pleno o seguinte;

Aprobar a designación do seguinte membro do Patronato:

-Representante da Asociación de Pais:

Titular: D. Carlos Igrexas Martínez.
Suplente: D. José Antonio Sánchez Méndez

INTERVENCIÓNS

O concelleiro señor Pérez Pardo dí que en principio había un pai designado para catro anos que causou baixa por non ter xa fillos no Conservatorio polo que considera que ao non ter percorrido o prazo e existir un suplente, o normal é que este último acadara de seu a condición de membro do Patronato. Pensa que non procede a designación da persona proposta pola asociación de Pais por canto non ten fillos no Conservatorio, senón na escola de música e non foi elexido democráticamente.

O concelleiro, señor Reguera Ocampo dí que se limitou a recoller a proposta da Asociación de Pais do Conservatorio e que os estatutos da mesma recollen que os seus membros non teñen por qué ser exclusivamente pais con fillos no Conservatorio, que non obstante pódese deixar pendente o acordo e proceder a interesar un informe sobre a cuestión.

O concelleiro señor Pazos Docampo dí que no Patronato do Conservatorio deben estar pais con fillos no Conservatorio.

A concelleira señora Canal Gómez dí que observa unha descoordinación importante entre os diversos concelleiros e que os caprichos poden sair caros, tal e como evidencia unha recente sentencia. Dí que se hai unha proposta da Asociación de Pais débese aceptar e que os problemas que agora se prantexan veñen dados porque os temas non se estudian dabondo nas comisións informativas. Lle parece que as cousas non funcionan se se entra en personalismos.

O Alcalde resposta á señora Canal que está equivocada, xa que non se tivo que pagar nada por mor da sentencia dado que en principio non procede o pagamento de ningunha cantidade de acordo co informe xurídico da tesoureira do Concello. Lle parece ben que o asunto quede sobre a mesa e se interese da Secretaría un informe xurídico sobre o asunto.

O concelleiro señor Pazos Docampo dí que no Patronato debe estar un representante dos pais, pero non da Asociación de Pais, polo que lle parece que a proposta é irregular.

A señora Canal Gómez dí que iso ven a amosar que non teñen o tema estudiado.

O Alcalde lle di que non se entera e lle chama "estudiosa", apelativo que a señora Canal pide que conste en acta.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e unanimidade, acorda deixa-lo asunto sobre a mesa.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

4.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS.-

O Concello Pleno dase por enterado do contido das Resolucións da Alcaldía e dos Concelleiros Delegados dende o día 21 de decembro de 2006 e 24 de xaneiro de 2007.-

4.2.- MOCIÓNS

Non se apresentou ningunha moción.

4.3. ROGOS E PREGUNTAS

Polo Alcalde dáse conta de que non hai rogos e preguntas presentados en tempo e forma.

- Pola señora Canal Gómez formúlanse unha pregunta sobre o destino de 1.800 euros que foron satisfeitos ao Alcalde con cargo á partida de protocolo.

O Alcalde dí que son gastos a xustificar coas correspondentes facturas e que pode tratarse de xantares oficiais, viaxes ou outros conceptos similares.

- Polo señor Alfaya Paz formúlanse os seguintes:

- S/ o paseo a carón do río Alvedosa, e por mor dunhas pozas de auga existentes no mesmo, pregunta ao Alcalde se a considera como unha obra acabada.

O Alcalde dí que non está acabada, porque lle falta a ponte, farolas…etc

- S/ a posible construcción dun centro de día nuns terrenos aportados por Cáritas a tal fin, pregunta cal sería a aportación económica para iso.

O Alcalde resposta que non o sabe e que é posible que este ano ou o próximo se tome a decisión por parte da Xunta de construi-lo centro, cousa que non fixo o anterior goberno galego.

- S/ cando comenzarán as obras da Feira do Gando.

O Alcalde resposta que xa están adxudicadas por parte da Xunta e que non lle pode dicir exactamente cando comenzarán.

- S/ compromisos acadados coa conselleira correspondente sobre a posible construcción en Redondela de vivendas de protección autonómica.

O Alcalde dí que él non se reuniu coa conselleira senón co delegado da Consellería.

- S/ as obras de humanización no centro da vila.

O Alcalde lle interrumpe cando o concelleiro pretende leer unha carta ao director publicada nun xornal, dicíndolle que non o considera procedente ao non ser nin un rogo nin unha pregunta. Dí que lle parece ben que o PP non estea de acordo coas obras de humanización no centro, pero se vai a facer ainda que non lles guste porque hai que dar prioridade aos peóns e pensa que con esta obra vai a quedar transformado o centro de Redondela e o comercio vai a mellorar.

A señora Canal Gómez dí que quere facer unha pregunta pero o Alcalde indica que non procede e sen outros asuntos que tratar pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinte horas e corenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 33 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1483516 ata o folio núm. 35 Serie A nº 1483518, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL